

# Patrimonio cultural... e natural

Os valados, muros e chantos son elementos destacados do patrimonio cultural galego recoñecidos por unha boa parte da sociedade. Están presentes en obras senlleiras sobre a cultura popular galega como pode ser o libro *Historia de Galiza de Otero Pedrayo*, no que Xaquín Lorenzo "O Xocas", fai un inventario deste elemento da paisaxe. Estes elementos patrimoniais son ben coñecidos dende o punto de vista cultural e paisaxístico pero cunha faciana descoñecida, a súa función ecolóxica. O grupo de seres máis característico en relación ás pedras son os liques, organismos indicadores da calidade ambiental, xa que a súa diversidade está directamente relacionada coa contaminación atmosférica.

Nos muros de pedra seca sitos en lugares ligeiramente húmidos, son comúns os brións e pequenos fentos. Hai unha grande cantidade de plantas de pequeno porte que tamén medran nestas paredes.

Os valados de pedra seca e a agricultura teñen moi boa relación. Neles refúxianse e crían insectos que son depredadores naturais de especies que poden converterse en pragas para os cultivos ou o gando, xogando un importante papel no seu control. Réptiles como o lagarto das silvas, presente no Anexo II da Directiva Hábitats, son tamén habituais do valados, e paxaros que aproveitan as fendas para facer niñas e sacar adiante os seus polos.



Foto: Raúl del Pérez

## Beneficios ecosistémicos


Os valados de pedra seca desempeñan un papel esencial na prevención de correntamentos de terras, inundacións, avalanchas, e na loita contra a erosión e desertización dos terreos, na mellora da biodiversidade e na creación de condicións propicias para a agricultura.

## Sabías que...

Entre as especies que se acubillan nos valados podemos atopar especies comúns como a píntega (*Salamandra salamandra*) ou a rá do monte (*Rana parvipalmata*) pero tamén especies catalogadas, escasas ou ameazadas como o cararol de Químpер (*Elona quimperiana*) ou o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*).



# Aproximación ao patrimonio cultural e natural dos valados na paisaxe da Reserva da Biosfera Terras do Miño





## Introdución

Os valados son elementos do patrimonio cultural galego construídos sobre o territorio coa finalidade de dividir, deslindar ou separar as terras. Galiza, conta con milleiros de quilómetros de muros de diferente tipoloxía segundo os materiais e técnicas de cada zona xeográfica/comarca. A diversidade de peches é moi grande ao longo do país, así como os materiais e técnicas empregadas pero poderíamos resumilos en tres grandes grupos; pedra, vexetación e madeira.

A UNESCO incorporou no ano 2018 os valados de pedra colocados a xunta seca á lista do patrimonio inmaterial da humanidade.

## Peches e valados da Reserva da Biosfera

A Reserva da Biosfera Terras do Miño, ten como un elemento fundamental da súa paisaxe as vedacións con peches de pedra reflexo da relación das comunidades rurais e da vida tradicional co seu entorno como modeladoras da paisaxe.

A Reserva da Biosfera Terras do Miño, ocupa o 39% da provincia de Lugo, sendo unha das RB da Península Ibérica con maior densidade de poboación sendo a única ademais cunha capital de provincia. Na súa extensión, atopamos unha ampla mostra dos vestixios que os asentamentos humanos deixaron ao longo dos tempos.

## Tipos de valados de pedra colocados á xunta seca

Dentro da tipoloxía das división de parcelas en pedra seca que se poden atopar na Reserva da Biosfera Terras do Miño están:

### **Chantos**

as pedras (de granito, xisto ou lousa) son planas con formas que poden ser más ou menos irregulares e van fincadas directamente no chan sobre o lado estreito.

### **Muros de perpiaño ou cachotaría**

o granito é tronzado, cas pedras asentadas unhas enriba das outras sobre a cara de maior lonxitude.

### **Cachotaría en xunta seca**

as pedras empregadas poden ser planas, basta ou cantos rodados, son mínimamente labradas e chamadas cachotes. Colócanse sen ningún tipo de argamasa, empregando as propias pedras como sustento do muro. A última ringleira superior pode estar disposta con orientación horizontal, vertical ou inclinada.

### **Chantos reforzados con cachotaría en seco**

son frecuentes as construcións de valados (que empregan técnicas mixtas) con chantos de lousa ou xistos colocados deixando un oco entre si e reenchéndoo con cachotes a xunta seca.